

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

CÉDULA do 10 de maio de 2021 pola que se notifica a resolución do procedemento administrativo sancionador do expediente 13302020006.

De conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015 (BOE nº 236, do 2 de outubro), do procedemento administrativo común das administracións públicas, notifícaselle á persoa denunciada cuxos datos persoais se mencionan no anexo, mediante a publicación no *Boletín Oficial del Estado*, a resolución do procedemento administrativo sancionador por infracción do Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, en relación co Regulamento de servizo e policía dos portos, aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación no domicilio.

Así mesmo, este anuncio publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, ben que a eficacia do acto notificado quedará supeditada á súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

O órgano competente para a resolución do expediente é o director do ente público, de acordo coa tipificación e coa contía da sanción, e en virtude do disposto no artigo 39.1.a) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo (DOG nº 146, do 1 de agosto).

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o presidente do Consello de Administración, segundo o establecido no acordo de delegación de competencias do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, publicado pola Resolución do 1 de setembro de 2008, no DOG nº 190, do 1 de outubro. O prazo para interpoñer este recurso é dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta cédula no *Boletín Oficial del Estado*.

Transcorrido o devandito prazo, a resolución sancionadora devirá firme e executiva e o importe da sanción poderá facerse efectivo en período voluntario, dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei 58/2003, do 12 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro), mediante ingreso en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (Banco Sabadell/Gallego, Banco Pastor, Banesto, BBVA, BSCH e Abanca), empregando o modelo impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia.



De non efectuarse o ingreso no devandito prazo, procederase á súa exacción por vía executiva.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2021

Roi Fernández Añón
Director xeral de Portos de Galicia

ANEXO

Expediente Matrícula Denunciante	DNI/CIF denunciado	Feito denunciado Data-hora-porto	Precepto infrinxido	Precepto sancionador	Importe da sanción
Sanc. 13302020006 13302020006 Garda civil	J15946627	Estacionamento prohibido 20.10.2020; 12.38 horas A Guarda (Pontevedra)	Art. 131.t) da Lei 6/2017, de portos de Galicia (LPG)	Art. 137 da LPG	90 €

